

Fillas de Eva


Desde hai uns anos, das páxinas do ensaio e da literatura galega estanse enchendo cunha voz que está chamada a ser unha das referencias no panorama das nosas letras. Ela irrompeu con forza e situouse na beira da escrita comprometida coa lingua, co xénero e coa reflexión sobre o discurso imperante.

Estamos a falar de Teresa Moure, merecedora de varios premios, como o Lueiro Rey de novela curta no ano 2004, con *A xeira das árbores*, o premio Ramón Piñeiro de ensaio con *Outro idioma é posible* ou o último Xerais de novela do que resultou ser a vencedora con *Herbomoura*.

Ela, que é doutora en Lingüística Xeral na Facultade de Filosofía da Universidade de Compostela, acaba agora de publicar outro ensaio: *A palabra das fillas de Eva*, título esclarecedor sobre o contido das súas páxinas: unha reflexión sobre a muller, a literatura e a linguaxe. Introducindo cada un dos catro apartados do libro con textos de creación

Transformar desde a linguaxe

 DORINDA CASTRO SOLIÑO



propia que son “cadernos de anotar a vida”, Teresa Moure vai facer unha análise, ao longo de cento e vinte páxinas, sobre o discurso que se lles arrebatou ás mulleres cando estas eran as depositarias da palabra. Por iso comeza, dun xeito rompedor, describindo un parto para a partir de aí facerse a pregunta de si existe ou non a literatura feminina, cuestión á que responde afirmativamente.

Mais as mulleres teñen que reventar e reivindicar a linguaxe para facérense visibles e esa reivindicación debe ser, ademais, anticientífica –no sentido de loitar contra os mitos

construídos sobre o corpo feminino-, anticapitalista, antipatriarcal e antiuniformalizadora.

O libro vén ser, pois, unha invitación ao debate sobre temas como a linguaxe feminina fronte á masculina, o sexo /vs/ xénero, visto este como construción social, o uso doméstico das falas femininas nos grupos onde existe “bilingüísmo sexual”, a androxinización da lingua nas mulleres ou os pasos que se deron na renovación da linguaxe para facer visible nela o xénero feminino.

Como a autora cre, nós consideramos que cada vez que se fai uso da lingua estase transmitindo un sistema de valores e que o noso mundo está sendo constantemente creado a partir de prácticas do discurso que acadan o poder absoluto de crear opinións. Pódese entón transformar o mundo tamén a través da linguaxe.

MOURE, Teresa, A palabra das fillas de Eva, Ed. Galaxia, Vigo, 2005, 126 páxinas